

NUM-CONSULTA: V0006-09

ÓRGANO: DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

DATA DE SAÍDA: 25/09/2009

NORMATIVA:

- Lei 14/2006 de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

DESCRICIÓN-FEITOS:

O consultante formula ante esta Dirección Xeral de Tributos cuestións respecto ao tipo impositivo aplicable no imposto de transmisións patrimoniais onerosas, así como calquera outro tipo de axuda ou subvención para compra de vivenda habitual, para persoas con minusvalía.

CUESTIÓNS FORMULADAS

Como adquirente de vivenda libre de segunda man, para uso habitual, que acredita un certificado de minusvalía do 52%, desexa coñecer o tipo impositivo aplicable no imposto de transmisións patrimoniais onerosas, así como calquera outro tipo de axuda ou subvención á compra da referida vivenda.

CONTESTACIÓN COMPLETA

En relación coa súa consulta, este Centro Directivo informa o seguinte:

Normativa:

- O artigo 54 da lei 14/2006 de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, establece o seguinte:

“Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte cando esta sexa unha persoa minusválida física, psíquica ou sensorial cun grao igual ou superior ao 65% será do 4%. En caso de que a vivenda sexa adquirida por varias

persoas, o tipo aplicarase exclusivamente á parte proporcional que corresponda ao contribuínte minusválido.

O concepto de vivenda habitual será o considerado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

No momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental axeitada e suficiente da condición de grao de minusvalía.”

Resposta:

De conformidade co indicado, nesta Comunidade Autónoma o beneficio fiscal aplicable á adquisición de vivenda habitual por persoas con certificado de minusvalía igual ou superior ao 65% é a aplicación dun tipo reducido do 4% no imposto de transmisións patrimoniais onerosas.

No caso comentado no escrito de consulta, a minusvalía acreditada é dun 52%, polo tanto, neste caso non procede aplicar o tipo reducido do 4%, senón o tipo xeral do 7%.